

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 25 DE XUÑO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crean o Rexistro e a Comisión Galega de Laboratorios para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.
- Decreto polo que se integran no Servizo Galego de Saúde determinadas unidades de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Decreto polo que se dá por finalizada a revisión dos parques de cultivo de moluscos de Carril.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan director de seguridade TIC 2015-2020.



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de atención a la parálisis cerebral y afines Amencer-Aspace, da provincia de Pontevedra, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado en dous centros educativos radicados nesa provincia, polo importe máximo de vinte e tres mil catrocentos noventa e seis euros (23.496,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de padres de personas con parálisis cerebral, Aspace, da Coruña, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado nesa provincia, polo importe máximo de dez mil seiscientos oitenta euros (10.680,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de pais de persoas con trastorno do espectro autista (TEA) da provincia da Coruña, Aspanaes, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e un mil oitocentos oitenta e oito euros con setenta e oito céntimos (51.888,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación pro personas con discapacidad intelectual de Galicia, Aspronaga, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e dous mil douscentos catorce euros con corenta céntimos (22.214,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación MENELA, da provincia de Pontevedra para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado nesa provincia, polo importe máximo de dezaseis mil douscentos trinta e tres euros con sesenta céntimos (16.233,60 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro, da provincia da Coruña, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado en Narón, provincia da Coruña, polo importe máximo de mil setecentos oito euros con oitenta céntimos (1.708,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Santísimo Cristo del Amor, polo importe máximo de cen mil cincocentos vinte euros con oitenta céntimos (100.520,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER—ASPACE para a posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial AMENCER e ao Centro de Educación Especial Princesa Letizia, polo importe máximo de cento once mil novecentos cincuenta e dous euros con vinte céntimos (111.952,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Ntra. Sra. de Lourdes, polo importe máximo de cincuenta e dos mil novecentos seis euros con oitenta céntimos (52.906,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (ASPACE), para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial ASPACE, polo importe máximo de oitenta e catro mil douscentos corenta e cinco euros con vinte céntimos (84.245,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial ASPANAEX, polo importe máximo de trinta e tres mil oitocentos sesenta e catro euros con noventa céntimos (33.864,90 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BATA (Baión, Asociación para el tratamiento del autismo), para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial BATA – Os Mecos, polo importe máximo de dez mil novecentos cincuenta e un euros con corenta e oito céntimos (10.951,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación BS “A Esperanza do Val Miñor”, para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao centro de educación especial Juan María, polo importe máximo de corenta e sete mil douscentos once euros con vinte catro céntimos (47.211,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia “AMICOS”, para posibilitar os desprazamentos de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial AMICOS, polo importe máximo de sesenta e seis mil seiscentos corenta e oito euros con trinta céntimos (66.648,30 €).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a sinatura dos convenios de colaboración coas entidades privadas sen ánimo de lucro que se formalicen ao abeiro da resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións de medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: un millón seiscentos sesenta e un mil novecentos setenta e oito euros con oitenta e oito céntimos (1.661.978,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar á sinatura dos convenios de colaboración coas entidades privadas sen ánimo de lucro que se formalicen ao abeiro da Resolución pola que se convoca o procedemento de selección de entidades privadas sen ánimo de lucro para levar a cabo unha intervención educativa integral e, se é o caso, terapéutica con menores que teñen que cumprir medidas privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores en centros de reeducación e centros de atención específica da Comunidade Autónoma. Importe



total: oito millóns corenta e sete mil oitocentos vinte e cinco euros con sesenta céntimos (8.047.825,60 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao S.A. para levar a cabo a análise da estrutura xenética da poboación das razas bovinas autóctonas de Galicia, a Ovella Galega, a Cabra Galega, o Cabalo de Pura Raza Galega e o Porco Celta mediante a utilización da biotecnoloxía do ADN, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de catrocentos cincuenta e cinco mil euros (455.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de impulso ao comercio galego 2015-2020.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a orde de axudas a material escolar 2015-2016

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a vixilancia sanitaria das augas de consumo público de Galicia ano 2013.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO POLO QUE SE ADAPTAN Á LOMCE OS DECRETOS DE ESO E BACHARELATO

- ***A nova normativa supón un cambio metodolóxico en prol da mellora da calidade educativa e da permanencia do alumnado no sistema***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se adaptan os currículos de ESO e bacharelato á Lei orgánica para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Ao abeiro del, darase cumprimento ao calendario de implantación da nova norma, que establece que entre en funcionamento en setembro en 1º e 3º cursos de educación secundaria obrigatoria e en 1º de bacharelato. Así mesmo, aplicando o decreto aprobado en 2014 para primaria, a lei aplicarase tamén en 2º, 4º e 6º cursos desta etapa.

Os novos currículos supoñen un cambio metodolóxico cara á tendencia actual da aprendizaxe por competencias na procura da mellora da calidade do ensino que permita achegar a taxa de abandono educativo temperán de Galicia á dos países europeos máis avanzados. Neste sentido, apóstase pola autonomía dos centros e amplíase a posibilidade de elección do alumnado á hora de elixir materias segundo as súas preferencias e intereses. Así mesmo, tamén ao abeiro da LOMCE, a FP Básica ofrece máis flexibilidade e posibilidades para que o alumnado atope unha alternativa que garanta a súa permanencia no sistema educativo, a obtención dunha titulación e mesmo a súa promoción cara a outros estudos.

Materias e itinerarios

Segundo o proxecto de decreto as materias na ESO e no bacharelato dividiranse en troncais - obrigatorias ou de opción-, específicas e de libre configuración autonómica – neste grupo os centros poderán ofertar materias propias, sempre que as autorice a Administración educativa-. Deste xeito, a maiores das troncais obrigatorias e as específicas, a medida que pasen os cursos a alumna ou o alumno poderá ir aumentando o número de materias que escolle do seu currículo. Por exemplo, en 1º e 2º de ESO só haberá unha hora á semana de libre configuración, mentres que en 3º da ESO o estudante terá unha materia específica de opción– de 2 horas- a escoller entre unha oferta de 2 materias.

No caso de 4º da ESO o currículo dividirase en dúas opcións, o de ensinanzas aplicadas, máis orientado á FP; e o de ensinanzas académicas, máis orientado ao bacharelato e á universidade. En calquera caso ambos terán que elixir 2 materias – total de 6 horas- específicas de opción dunha oferta de 9 materias, e outras 2 troncais de opción – 6 horas-; polo que se trata de opcións flexibles para o estudante.



O proxecto de decreto divide as ensinanzas de bacharelato en 3 modalidades, nomeadamente Ciencias Sociais e Humanidades – que se subdivide en dúas vías-, Ciencias e Artes. En 1º de Bacharelato haberá 2 materias – 8 horas- troncais de opción a elixir entre unha oferta de ata 4 –dependendo da modalidade-, e 6 horas que se poderán repartir de varias formas, combinando materias específicas de opción, Relixión, materias de libre configuración ou das troncais de opción que non se escolleran xa (4 horas).

En 2º de bacharelato haberá 2 materias – 8 horas- troncais de opción a elixir entre unha oferta de ata 5 –dependendo da modalidade-, e 8 horas que se poderán repartir de varias formas, combinando materias específicas de opción, Relixión, materias de libre configuración ou das troncais de opción que non se escolleran xa (4 horas).

Materias de libre configuración e reforzos

O decreto supón unha clara aposta pola lingua propia de Galicia, ao blindarse a presenza do galego coa mesma consideración e carga horaria (13 horas na ESO e 6 no bacharelato) que as materias troncais, ao tempo que se mantén a aposta polo plurilingüismo.

Por outra banda, e ao igual que se fixo en primaria, os currículos de ESO e bacharelato reforzan a carga horaria das matemáticas, incrementan a carga horaria nas materias troncais (57 % do total na ESO e 62,5% no bacharelato), e manteñen as horas de Música e Educación Plástica no primeiro ciclo. Así mesmo, na ESO continuará a haber unha hora dedicada a titoría.

No referido ás materias de libre configuración autonómica, cúmprense os mandatos parlamentarios e constitúense como tal Xadrez e Oratoria na ESO. Así mesmo, establécense como tal na educación secundaria obrigatoria as de Paisaxe e Sustentabilidade en Galicia, Promoción de Estilos de Vida Saudables, Programación, Investigación e Tratamento da Información e Educación Financeira; dando resposta a demandas da comunidade educativa e a experiencias piloto xa postas en marcha - por exemplo en programación e educación financeira- en cursos anteriores. Todas elas terán unha asignación horaria de 1 período lectivo semanal e poderán ofertarse e escollerse tanto en 1º como en 2º curso, ao non teren a condición de materias de contidos progresivos.

Na etapa de bacharelato serán de libre configuración autonómica as materias de Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Robótica, Xeografía e Historia de Galicia, Literatura Galega do Século XX e da Actualidade, Patrimonio Artístico e Cultural Galego, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos. Todas elas terán unha carga horaria de 2 períodos lectivos.



A maiores, os centros educativos poderán establecer as de libre configuración, segundo o seu proxecto educativo e logo da correspondente autorización da consellería, tal e como recolle o decreto.



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE CREAN O REXISTRO E A COMISIÓN GALEGA DE LABORATORIOS PARA A REALIZACIÓN DE ENSAIOS DE CONTROL DE PRODUTOS ALIMENTICIOS RELACIONADOS CO CONSUMO HUMANO

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o Decreto polo que se crean o Rexistro e a Comisión Galega de Laboratorios para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

Este decreto pretende regular, dentro da nosa Comunidade Autónoma, todas aquelas entidades, públicas ou privadas, que pretendan realizar ensaios de produtos alimenticios con destino humano con vistas á comprobación do cumprimento dos programas de autocontrol das industrias, xa sexan propias ou alleas a ela. Ademais, regula o Rexistro e a Comisión Galega de Laboratorios e o seu réxime de acceso á actividade adaptándose á normativa vixente, e establece a presentación da declaración responsable por parte das persoas físicas ou xurídicas interesadas como condición suficiente para o inicio da actividade e o seu exercicio por tempo indefinido, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que se poidan levar a cabo con posterioridade.

Quedan excluídos do réxime de declaración responsable aquelas entidades, públicas ou privadas, que, na Comunidade Autónoma de Galicia, pretendan realizar ensaios de produtos alimenticios con destino ao consumo humano con resultados válidos no marco do control oficial, as cales serán designadas directamente para tal fin pola autoridade competente.

Este novo decreto incorpora as modificacións introducidas pola Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición, en relación cos rexistros para o coñecemento das distintas situacións das que poidan derivar accións de intervención en materia de seguridade alimentaria, así como na Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública.

O novo decreto substitúe o Decreto 14/2000, do 7 de xaneiro, modificado polo Decreto 264/2004, do 11 de novembro.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO PARA A INTEGRACIÓN NO SERGAS DAS UNIDADES DE CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA E CIRURXÍA CARDÍACA DE GALARIA

▪ *As dúas unidades pasarán a depender das EOXIS de Vigo e Ourense*

O Consello da Xunta aprobou no día de hoxe o Decreto que regulará a integración no Servizo Galego de Saúde de todas as funcións, servizos, medios materiais e persoais afectos ás unidades de Cardioloxía Intervencionista e Cirurxía Cardíaca de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

Deste xeito, as dúas unidades pasarán a depender das estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI) de Vigo e Ourense. Este traspaso faise coincidir coa posta en marcha do novo Hospital Público Álvaro Cunqueiro de Vigo xa que é unha oportunidade para integrar, baixo unha única estrutura e dirección, a EOXI de Vigo, estas dúas unidades que manteñen unha alta interrelación co resto dos servizos hospitalarios.

En canto aos medios persoais, integrarase o persoal que presta servizos nestas unidades, así como parte do equipo da estrutura administrativa de apoio situado nas EOXI de Vigo, Ourense e Santiago, que manterán o vínculo laboral e o réxime económico de orixe.

Doutra banda, os bens de Galaria quedan incorporados ao patrimonio do Sergas, subrogándose este en todos os dereitos e obrigas que teñen a súa orixe naquelas unidades, así como a totalidade das relacións laborais do persoal de Galaria que presta servizos nas unidades que se van integrar.

Unidades de Cardioloxía Intervencionista e Cirurxía Cardíaca

As unidades de Cardioloxía Intervencionista e Cirurxía Cardíaca acadaron un alto nivel de prestixio nos seus respectivos ámbitos, incluíndo nas súas carteiras de servizos as técnicas máis avanzadas das dúas especialidades.

Neste senso, o traspaso faise mantendo a alta capacidade e calidade de servizo prestado polas unidades que se integran. Estas unidades posúen un demostrado prestixio no seu campo gracias ao alto nivel de profesionalidade dos seus equipos humanos.



A XUNTA OUTORGARÁ 1.168 TÍTULOS DEFINITIVOS AOS TITULARES DAS CONCESIÓNS PROVISIONAIS DOS PARQUES DE CULTIVO DE CARRIL

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se dá por finalizada a revisión destas parcelas en Vilagarcía de Arousa*
- *O decreto tamén regulará o outorgamento de concesións para a explotación dos parques de cultivo declarados vacantes*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se dá por finalizada a revisión dos parques de cultivo de moluscos de Carril, en Vilagarcía de Arousa. A través del a Xunta outorgará 1.168 títulos definitivos aos titulares das concesións provisionais dos parques de cultivo e regulará o outorgamento de concesións para a explotación das parcelas declaradas vacantes.

Mediante deste decreto regúlase a situación dos 1.280 parques de cultivo que hai en Carril coa concesión dos 1.168 títulos definitivos aos titulares de concesións provisionais. As parcelas restantes serán declaradas vacantes por diferentes casuísticas (parques de titular descoñecido, parques de baixa a petición do seu titular etc).

En relación coas parcelas vacantes, o decreto establece que poderán ser outorgadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar en réxime de concesión de actividade para o exercicio da acuicultura na zona marítimo-terrestre. Isto realízase de acordo cos criterios establecidos na Lei de pesca de Galicia e no seu outorgamento teranse en conta os dereitos doutras persoas que, de forma regular, viñesen explotando a zona.

Con este procedemento preténdese acadar o óptimo aproveitamento do potencial produtivo dos parques e asegurar o futuro e a viabilidade da súa actividade ao tempo que se dispoñerá de seguridade administrativa para as concesións. O decreto entrará en vigor no prazo dun mes desde a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Antecedentes

Este documento substitúe o decreto do ano 1991, que regulaba o procedemento de revisión e reordenación dos parques de cultivo de Carril, dado que a información recollida no transcurso do tempo sobre a actividade das parcelas pon de manifesto que non é eficaz iniciar o procedemento de reordenación ao constatar que non contribuíría a mellorar substancialmente o seu potencial produtivo e ademais non compensaría o esforzo que se debe realizar. Trataríase dun proceso equiparable a unha concentración parcelaria pero, dadas as diferenzas no medio sobre o que habería que desenvolve-la, presenta unha enorme dificultade técnica e organizativa moi superior aos beneficios que con ela poderían acadarse polo que se considera que o máis recomendable é non acometela.



Por iso xorde este novo decreto que dá por finalizado o proceso de revisión da situación dos parques de cultivo de moluscos de Carril, sen necesidade de realizar a fase de reordenación e outorga as correspondentes concesións definitivas aos titulares de autorizacións provisionais.



A XUNTA APROBA A POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN QUE ESTABLECE AS PAUTAS PARA PROTEXER OS SISTEMAS TIC E GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

- *Constitúe a guía xeral para aliñar todas as actuacións para a xestión en materia de seguridade e garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade da información*
- *As actuacións para ampliar e reforzar os sistemas e protocolos de prevención e protección dos servizos tecnolóxicos concréntanse no Plan Director de Seguridade 2015-2020*
- *Esta folla de ruta, aprobada hoxe tamén, busca reforzar un clima de confianza que permita aos cidadáns aproveitar todas as vantaxes da administración electrónica*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Política de Seguridade da Información do Sector Público autonómico de Galicia, o instrumento sobre o que se desenvolven as medidas para garantir a seguridade dos sistemas TIC e, por tanto, a prestación duns servizos dixitais de calidade, dispoñibles e seguros para os cidadáns. As actuacións a desenvolver neste eido concréntanse no Plan director de seguridade 2015 2020, aprobado hoxe tamén polo Goberno galego.

Ambos os documentos foron elaborados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e aprobados pola Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico. Este órgano colexiado ao máis alto nivel está integrado por todas as consellerías, baixo a coordinación da Amtega e é responsable do impulso, coordinación e decisión no ámbito da seguridade da información e do goberno electrónico.

Principios da política de seguridade

A política de seguridade da información establece os principios xerais que dirixen a xestión da seguridade no sector público autonómico. En canto á xestión da información, as medidas de seguridade deberán garantir a confidencialidade da información, que só será accesible por persoas autorizadas; a súa integridade, asegurando que a información xestionada sexa completa e precisa; a dispoñibilidade e continuidade dos servizos e a súa recuperación inmediata ante posibles continxencias e autenticidade, asegurando que a información se intercambia cos interlocutores adecuados e os servizos acreditados.

Ademais, búscase conseguir ser unha organización máis preventiva que reactiva grazas a unha análise previa dos riscos e ao incremento de medidas de prevención. A mellora continua mediante a revisión constante do grao de eficacia das actuacións levadas a cabo, así como a concienciación e formación, tanto dos profesionais como dos usuarios, son outro dos principios da política de seguridade.



Plan director de seguridade

A política de seguridade concrétese nas actuacións definidas no Plan director de seguridade TIC 2015-2020 para consolidar unha xestión da seguridade transversal a todos os organismos da Xunta e que incremente a súa capacidade de prevención, resposta e recuperación ante incidentes de ciberseguridade.

Tamén será o documento de referencia para aquelas outras entidades públicas autonómicas que queiran empregala, simplificando os seus procesos de adecuación ao Esquema nacional de seguridade e outra normativa aplicable.

A posta en marcha desta folla de ruta enmárcase nunha das cinco liñas estratéxicas da Axenda Dixital de Galicia 2020 para reforzar un clima de confianza que permita aos cidadáns aproveitar todas as vantaxes dunha contorna dixital e, neste caso, dos servizos da Administración electrónica.

Ámbitos de actuación

O Plan, aliñado coa Estratexia nacional de ciberseguridade aprobada en 2013 polo Goberno do Estado, establece actuación a nivel formativo, normativo, organizativo e medidas de protección.

A formación e concienciación, a través de cursos, campañas divulgativas e formación específica para persoal técnico, será unha das liñas chave para implicar na xestión da seguridade os responsables dos distintos departamentos autonómicos, os cidadáns e as empresas galegas.

No aspecto normativo avanzaranse na adecuación completa á Lei orgánica de protección de datos e ao Esquema nacional de seguridade.

En canto ao marco organizativo, o plan será supervisado pola Comisión de Seguridade e Goberno electrónico, como máximo órgano colexiado responsable das competencias nesta materia e a Subcomisión de Seguridade.

As medidas de protección abranguen tanto as infraestruturas físicas como a implantación de novas ferramentas. En canto ás infraestruturas reforzaranse os sistemas de control de acceso e vixilancia.

Respecto aos sistemas TIC, ao longo de 2015 implantaranse novas plataformas especializadas na protección e prevención de ciberataques. No medio prazo abordaranse outras actuacións como a mellora de plataformas específicas de seguridade e a implantación doutras novas, a mellora na seguridade das redes sen fíos ou nos dispositivos móbiles corporativos.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR A 192 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES E O DE COMEDOR ESCOLAR A OUTROS 297

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración con asociacións especializadas na atención a estas persoas*
- *O investimento destinado a este fin será de preto de 635.000 euros*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará no vindeiro curso 2015/16 o servizo de transporte adaptado a 192 alumnas e alumnos con discapacidades e o de comedor escolar a outros 297, ao abeiro das sinatura de convenios de colaboración con asociacións especializadas na atención a estas persoas. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura destes convenios, que suporán un investimento de case 635.000 euros.

Os acordos encádranse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Transporte adaptado

No referido ao servizo de transporte, a colaboración producirase coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (AMENCER-ASPACE), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (AMICOS), coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral- A Coruña (ASPACE-Coruña), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual da Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), con Baión Asociación para el Tratamiento del Autismo (BATA), e coa Asociación BS 'A Esperanza do Val Miñor'.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas



polos tratamentos médicos que estes necesitan. Ao abeiro dos convenios, as devanditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80 % do gasto derivado da prestación destes servizos. O servizo contará co apoio de 36 auxiliares e será prestado por 35 condutores.

Comedor escolar

No caso do comedor, asinaranse convenios para subvencionar este servizo a 297 alumnas e alumnos con discapacidade, en concreto con AMENCER-ASPACE, con ASPACE-CORUÑA, con ASPANAES, con ASPRONAGA, coa Fundación MENELA e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.



A XUNTA INVESTIRÁ 9,7 MILLÓNS ATA 2016 PARA A ATENCIÓN INTEGRAL DE MENORES CON MEDIDAS XUDICIAIS

- *O Consello autorizou hoxe este orzamento para manter tanto os centros de reeducación como os programas de execución de medidas de medio aberto*
- *En total, Galicia conta actualmente con 125 prazas de internamento nos centros de reeducación Concepción Arenal da Coruña; Monteledo e Montefiz de Ourense; e Avelino Montero de Pontevedra*
- *Ademais, en cada provincia existe un recurso non residencial denominado Centro de Intervencións Educativas en Medio Aberto (CIEMA)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de 9,7 millóns de euros para manter, no último trimestre deste ano e en 2016, os centros de reeducación para menores con medidas xudiciais, así como os programas de execución de medidas de medio aberto (non privativas de liberdade).

Ambas as medidas están enfocadas a perseguir unha socialización axeitada do menor infractor co obxectivo de que adquira as habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración social unha vez finalizada a medida xudicial.

Actualmente, Galicia conta con catro centros de reeducación: o Concepción Arenal da Coruña, o Avelino Montero de Pontevedra, o Monteledo de Ourense; e o centro de atención específica Montefiz, que está especializado en abordar a situación de menores con algún tipo de patoloxía. En total, suman 125 prazas, fronte as 94 que había en 2009, o que permite que non haxa lista de espera na execución de medidas privativas de liberdade. En total, o orzamento consignado para manter estes tres centros ascende a algo máis de 8 millóns de euros.

Por outra banda, hoxe tamén se aprobou o orzamento para a execución de medidas xudiciais de medio aberto. Esta intervención educativa –que non é privativa de liberdade- lévase a cabo en cada provincia a través dun recurso non residencial que se denomina Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA). Neles investiranse 1,6 millóns de euros.

Como novidades, cabe destacar que desde finais deste ano ampliarase o persoal dos CIEMA a través da dotación de novos psicólogos e traballadores sociais, e tamén se aumentará o número de horas de atención médico-psiquiátrica no centro de Montefiz.

Ademais destes recursos, a Xunta ten en marcha outras actividades dirixidas aos menores con medidas xudiciais impostas, como o programa de obradoiros produtivos, que se desenvolve nos catro centros de reeducación, e que permite aos participantes



ter un contrato de traballo nos propios obradoiros dos centros ou ter acceso a bolsas de colaboración con distintas empresas para realizar prácticas.

Tamén está en marcha o programa “Mentor”, que vai destinado aos menores do sistema de protección en xeral –non só para os que executan medidas xudiciais-. Esta iniciativa realiza, de forma consensuada co menor, un proxecto individualizado de inserción laboral.



XENÉTICA FONTAO PODERÁ REALIZAR ATA PRETO DE 38.000 ANALÍTICAS PARA CONTRIBUÍR Á CARACTERIZACIÓN XENÉTICA DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA

- ***O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao, S.A. para levar a cabo a análise da estrutura xenética da poboación destas razas***
- ***Esta colaboración está cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e a ela a Consellería do Medio Rural e do Mar destina 455.000 euros***
- ***As técnicas de xenética molecular teñen unha incidencia específica na mellora gandeira e na rendibilidade das explotacións e estímase que destas actuacións se beneficiarán máis de 26.000 gandeiros***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e Xenética Fontao, S.A. para levar a cabo a análise da estrutura xenética da poboación de razas autóctonas galegas mediante o uso da biotecnoloxía do ADN. A través desta colaboración está previsto que este ano Xenética Fontao poida realizar ata preto de 38.000 análíticas correspondentes ás mostras de sangue procedentes dos animais das razas autóctonas galegas bobinas (Rubia Galega, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa), a Ovella Galega, a Cabra Galega, Cabalo de Pura Raza Galega e Porco Celta.

Este convenio está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e a el a Consellería do Medio Rural e do Mar destina 455.000 euros. Ademais con este acordo Xenética Fontao comprométese, entre outros aspectos, a procesar análises para establecer mediante a determinación de marcadores moleculares o mapa xenético dos animais, a manter actualizado o banco de mostras biolóxicas e de ADN, a importar e conservar os resultados do xenotipado na base de datos de Xenética Fontao e a realizar informes técnicos detallados sobre eles.

Estas actuacións supoñen un avance no desenvolvemento das razas autóctonas galegas, xa que a dispoñibilidade do mapa xenético dos individuos permitirá establecer as conexións xenéticas entre os animais da raza correspondente, determinar dentro de cada raza a pureza racial e o grao de consanguinidade, facilitar os apareamentos, identificar os individuos mediante filiación xenética e determinar a paternidade dos individuos.

Ademais, estas técnicas da xenética molecular teñen unha incidencia específica na mellora gandeira e, polo tanto, na rendibilidade das explotacións e no nivel de vida dos gandeiros. De feito, estímase que destas actuacións se beneficiarán máis de 26.000 gandeiros.



Estas accións buscan animar os gandeiros a aplicar métodos de produción agrícola compatibles coa protección e mellora do medio ambiente, a paisaxe, os recursos naturais, o solo e a diversidade xenética. A vixencia do convenio é desde a súa sinatura ata o 31 de decembro do 2015.

Xenética Fontao

É unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros das razas Frisona e Rubia Galega. Desde a súa constitución está a ser un actor fundamental na mellora gandeira de Galicia, a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos técnicos empregando a biotecnoloxía do ADN a través do seu laboratorio de xenética mMolecular.



O PLAN DE IMPULSO AO COMERCIO DE GALICIA DESTINARÁ 70 MILLÓNS ATA 2020 A MODERNIZAR E INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO SECTOR

- *A nova estratexia prevé 55 actuacións específicas centradas en lograr tres grandes retos: afianzar un comercio de proximidade renovado; impulsar o smart commerce e o comercio on line; e potenciar a excelencia e a mellora continua*
- *O Plan fíxase entre o seus obxectivos incrementar nun 15% os emprendedores que traballan no sector; triplicar a porcentaxe de empresas que venden en internet e aumentar nun 10 % o número de comercios que se asocian para competir*
- *Máis do 40 % dos recursos destinaranse a establecer un novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia, con medidas como un programa piloto de innovación en formatos comerciais ou apoios para a creación de plataformas tecnolóxicas e apps para os comercios*
- *O plan aposta por aproveitar sinerxías co turismo, coa creación de mapas con rutas de comercio e a elaboración dun calendario de eventos, así como coa apertura de tendas de Artesanía de Galicia no Camiño de Santiago*
- *Potenciarase a creación de ludotecas, espazos infantís e salas de lactación nos centros comerciais abertos e impulsaranse a responsabilidade social corporativa*
- *Poñerase en marcha unha bolsa de produtores locais para establecer canles directas cos distribuidores e crearanse Grupos do Comercio e o Consumo Responsable nas sete cidades galegas*

O novo Plan estratéxico de impulso ao Comercio de Galicia, presentado hoxe no Consello da Xunta, destinará 70 millóns de euros ata 2020 a modernizar e incrementar a competitividade do comercio de proximidade galego, con 55 accións específicas articuladas arredor de tres grandes retos: afianzar un sector comercial renovado; impulsar o *smart commerce* e o comercio electrónico; e potenciar o comercio excelente, traballando na dinamización e a mellora continua.

Entre os obxectivos que se fixan nesta folla de ruta está incrementar nun 15 % os emprendedores que traballan no sector, ata chegar aos 60.800 en 2020; triplicar a porcentaxe de empresas de menos de 10 traballadores que venden na internet, alcanzando o 14 %; e incrementar nun 10 % o número de comercios que se asocian para competir, chegando ata os 20.000.

O primeiro dos eixes deste plan, que conta coas achegas do sector, céntrase na mellora da competitividade, afianzando un comercio actual e xerador de riqueza. Impulsaranse a consolidación do sector comercial galego mellorando a regulación, eliminando trabas ao emprendemento, impulsando a profesionalización e facilitando o acceso ao financiamento para a activación e a mellora dos negocios.



Entre as medidas específicas que se prevén no Plan atópanse a posta en marcha dun programa de axudas para a mellora das infraestruturas comerciais, con especial atención aos centros históricos das vilas e cidades galegas, e a activación de apoios para a apertura de novos establecementos en concellos de zonas rurais de menos de 5.000 habitantes, para garantir o abastecemento de todo o territorio.

Unha das apostas do novo Plan de impulso ao comercio céntrase en aproveitar sinerxías entre comercio e turismo, con accións como a creación de mapas con rutas de comercio vinculadas a atractivos turísticos da cidade, así como coa elaboración dun calendario completo de eventos que se combinarán con actividades comerciais.

Tamén se fomentará a comercialización do produto autóctono nos mercados nacionais e internacionais baixo as marcas Galicia Calidade e Artesanía de Galicia, que contará con establecementos no Camiño de Santiago, e crearanse canles de distribución entre produtores e empresas de distribución para a eliminación de custos intermedios que redunden nun prezo final máis axeitado e que incremente a competitividade do comercio.

Así, co obxectivo de avanzar neste eido, entre as medidas que se activarán no período 2015-2016 dentro deste primeiro eixe do plan destaca a creación en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar dun proxecto piloto de bolsa de produtores locais de determinadas zonas. Tamén se poñerán en marcha accións de formación específicas co obxectivo de difundir e potenciar boas prácticas no comercio.

O cliente no centro da estratexia

Máis do 40 % dos recursos do novo plan destinaranse ao segundo dos retos, con actuacións concretas para establecer o *smart commerce*, un novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia. Apóstase por incrementar a innovación no comercio galego como un dos factores clave para mellorar a súa posición competitiva, impulsando o comercio electrónico e novas fórmulas de comercialización dos produtos, así como de mellora do seu deseño e presentación.

Para logralo, poñerase en marcha unha bolsa de ideas de comercialización de produto co obxectivo de convertelas en iniciativas comerciais viables. Tamén se activará un programa piloto de innovación en formatos comerciais *pop up*, a través de axudas a emprendedores interesados en desenvolver un novo concepto comercial. No eido das novas tecnoloxías, activaranse apoios para o desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas e para impulsar o comercio electrónico.

Activaranse do mesmo xeito axudas para modernizar a imaxe dos establecementos comerciais, os centros comerciais abertos e as prazas de abastos, nas cales se impulsará, ademais, a creación de espazos comerciais multifuncionais en que teñan



lugar actividades complementarias, como demostracións culinarias, catas ou cursos de cociña. Ademais, crearase unha Rede de Mercados Excelentes.

Entre as accións que se desenvolverán de forma máis inminente dentro deste segundo eixe do plan destacan a activación de axudas para o desenvolvemento de apps e webs móbiles para os comercios, así como para o desenvolvemento de técnicas de *community management* e aproveitamento de utilidades web; ademais da creación dunha *app* específica en que se localizarán as diferentes prazas de abastos, mercados e feiras tradicionais, achegando a información máis destacada sobre elas.

Potenciar o comercio excelente

O terceiro dos grandes retos que se fixa o Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia é a potenciación do comercio excelente, traballando na dinamización comercial e a mellora continua do servizo. Neste ámbito, promoveranse novas estratexias de incentivación da demanda con actuacións que dinamicen os centros urbanos, permitan a atracción de visitantes e compradores e incrementen as vendas.

Entre as medidas que se recollen no novo plan para lograr este terceiro reto destacan a activación de axudas para o desenvolvemento de campañas de dinamización comercial e a potenciación de sistemas de fidelización entre colectivos específicos.

Tamén se poñerán en marcha actuacións encamiñadas a potenciar un comercio sustentable, implicado coa eficiencia enerxética e a preservación do ambiente, así como medidas destinadas a impulsar a responsabilidade social corporativa no sector comercial. Do mesmo xeito, co obxectivo de impulsar a prestación de novos servizos aos clientes, potenciarase a creación de ludotecas, espazos infantís e salas de lactación nos centros comerciais abertos. Ademais, para poñer de exemplo as mellores iniciativas desde o punto de vista da innovación, a experiencia e a atención ao público, outra das accións recollidas no plan é a creación dos premios do comercio galego.

A posta en marcha de Grupos do Comercio e o Consumo Responsable nas sete principais cidades galegas e a activación de apoios aos modelos comerciais que impliquen redución de envases e bolsas, así como a utilización de elementos biodegradables, son algunhas das medidas que se activarán de xeito máis inmediato dentro deste eixe.

Co novo Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia a Consellería de Economía e Industria reafirma o seu compromiso co comercio de proximidade galego como un dos sectores clave para a economía da comunidade, traballando desde o punto de vista das empresas, as ideas e os clientes, co obxectivo de reforzar a súa contribución á creación de riqueza e emprego en Galicia.



A XUNTA DESTINARÁ ARREDOR DE TRES MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR O VINDEIRO CURSO

- *A Consellería de Cultura e Educación habilita un cheque de 50 euros para os alumnos de primaria e ESO con renda per cápita familiar inferior a 5.400 euros anuais*
- *Entre 60.000 e 70.000 alumnos e alumnas beneficiaranse desta liña de apoio ao ensino posto en marcha polo Goberno da Xunta*

O Goberno galego destinará arredor de tres millóns de euros á nova liña de axudas ás familias para a adquisición de material escolar o vindeiro curso 2015/16. O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, elevou ao Consello da Xunta o informe en que se dá conta da orde que regulará esta nova liña no eido educativo coa principal finalidade de apoiar ás familias con maiores dificultades.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación habilitará para o próximo curso unha axuda lineal de 50 euros por alumno e curso escolar destinada á compra de material escolar, que beneficiará entre 60.000 e 70.000 alumnos e alumnas. Poderá acceder a estas axudas o alumnado de educación primaria e de ESO cunha renda per cápita inferior a 5.400 euros anuais por cada membro da unidade familiar. O sistema de repartición farase a través de vales, que os beneficiarios poderán canxear nas librarías.

Nestes momentos a consellería está tramitando a orde de regulación das axudas, que sairá publicada no DOG en setembro. Os interesados disporán dun mes de prazo para formalizar as solicitudes.

O sistema de axudas para material escolar baséase no actual modelo de axudas a libros de texto, en función da renda familiar.



O 95,41% DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO DE GALICIA TEÑEN A CUALIFICACIÓN DE APTAS NA VIXILANCIA SANITARIA

- *Durante o 2014 realizáronse 250 inspeccións sanitarias, 1961 analíticas de vixilancia sanitaria e 4010 determinacións de cloro libre residual*

A Consellería de Sanidade informou hoxe ao Consello da Xunta que o grao de cumprimento do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano foi durante 2014 satisfactorio e que, nos vindeiros anos, deberase incidir na vixilancia sanitaria dos pequenos abastecementos co obxectivo de mellorar a calidade dos pequenos abastecementos públicos de auga do consumo humano e das traídas de veciñanza.

Máis polo miúdo, o informe presentado destaca que as analíticas da vixilancia sanitaria deron como resultado que o 95,41% se corresponde cunha cualificación de auga apta para o consumo, mentres que o 4,59 % se corresponde cunha cualificación de auga non apta para o consumo. E, comparando estes resultados cos obtidos no ano 2013 pódese concluír que a calidade da auga de consumo foi mellor no 2014, cunha melloría do 1,90 % na cualificación da auga apta para o consumo.

En canto ás determinacións de cloro libre residual, obtívose que o 81,37 % do total das determinacións foron conformes coa lexislación vixente, o que supón un resultado moi similar en relación cos datos do ano 2013 (81,69%).

O texto precisa tamén que das 619 zonas de abastecemento censadas dentro do programa de vixilancia durante o ano 2014, realizáronse -segundo a frecuencia determinada pola súa prioridade- 250 inspeccións sanitarias, 1961 analíticas de vixilancia sanitaria e 4010 determinacións de cloro libre residual. E, destas 619 zonas de abastecemento, o 52,34 % corresponde a abastecementos de prioridade baixa, mentres que o 39,90 % son abastecementos de prioridade media e o 7,75 % de prioridade alta.

Con respecto ao ano 2013, a porcentaxe de abastecementos de prioridade alta e media diminuíu, aumentando a porcentaxe de abastecementos con prioridade baixa.

Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano

A modo informativo, cómpre salientar que o Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano, que con carácter autonómico funciona na comunidade desde hai xa varias décadas, é executado pola Consellería a través da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e ten, desde o 2012, unha validez cuatrienal.

O sistema de vixilancia que se establece dentro deste programa está orientado a



identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos para diminuír o risco de morbilidade asociada ao consumo de auga.

Para a implantación deste sistema de vixilancia é preciso realizar unha clasificación dos abastecementos sobre a base das súas características, co fin de lles poder dar prioridade ás actuacións, optimizar a súa efectividade e garantir un mínimo de eficiencia. E, de acordo a isto, establécense tres categorías en función da poboación abastecida, calidade da auga, calidade da información do SINAC e posibles perigos diagnosticados asociados a un abastecemento: abastecementos de prioridade baixa, media e alta.

As actuacións dentro do programa establécense nunha dobre vía: a inspección sanitaria dos abastecementos, que inclúe unha inspección documental e estrutural do abastecemento, xunto cunha recollida de mostras de auga; e, por outra parte, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos coa determinación do cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga.

Así mesmo, cómpre salientar que a frecuencia de inspección e de determinación analítica vén establecida pola prioridade que ten cada un dos abastecementos.

Sistema de información nacional de augas de consumo

No tocante ao Sistema de información nacional de augas de consumo (SINAC), a Consellería de Sanidade subliña que ata decembro de 2014 existían dadas de alta nesta aplicación 530 zonas de abastecemento na nosa comunidade, o que supón o 85,62 % de todas as zonas das que se fai vixilancia sanitaria dentro do programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano (619 abastecementos).

Estas cifras reflicten que se mantén a tendencia observada en anos anteriores dunha evolución continua e favorable no rexistro de zonas de abastecementos e as súas infraestruturas.

Os boletíns analíticos que notificaron os xestores no SINAC foron superiores aos do 2013 nunha porcentaxe do 2,64 %. E, en canto á cualificación sanitaria das mostras notificadas no SINAC hai que destacar que o 98,50 % dos boletíns analizados foron auga apta para o consumo, resultado moi similar ao do 2013 (98,65 %).

Proxecto Life Rural Supplies

Por outra banda, a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia e o Concello de Abegondo traballan desde hai un ano no proxecto *"Rural Supplies: sostenibles solutions for very small water supplies"*, beneficiario do Programa Life + da Comisión Europea.



O obxectivo central deste proxecto, que ten unha duración de catro anos, é determinar as solucións técnicas máis adecuadas en captación, distribución e tratamento das augas consumidas en abastecementos veciñais e pozos do sur do municipio de Abegondo; así como validar os plans sanitarios como ferramenta para mellorar a seguridade da subministración.

Cómpre sinalar que, na actualidade en Galicia, unhas 650.000 persoas consomen auga a través do modelo de xestión de pequenas subministracións, abastecementos veciñais e pozos particulares.

Rural Supplies ten un orzamento de 774.122 euros, dos cales 382.560 serán financiados pola Comisión Europea e 391.562 polos socios: Augas de Galicia, 78.870 euros; Consellería de Sanidade, 107.998 euros; e Concello de Abegondo, 204.694 euros.

No marco deste proxecto, Augas de Galicia realiza un estudo hidroxeolóxico para determinar perímetros de protección e aptitude das captacións en cantidade e calidade.

